

RESUMO DE CONTIDOS

Cinema con conciencia

Educación Plástica e Visual | 6º EP

Índice

1.- As expresións artísticas e os xéneros da arte.....	2
2.- Estilos artísticos: Arte Abstracta, Modernismo e Art Déco.....	3
2.1.- Georgia O'Keeffe.....	3
3.- Xéneros musicais.....	4
3.1.- A ópera.....	4
3.2.- A zarzuela.....	4
3.3.- O musical.....	5
4.- O cine.....	5
4.1.- A orixe do cine.....	5
4.2.- Elementos principais do cine.....	5
4.3.- Xéneros cinematográficos.....	6
5.- Resumo.....	7

1.- As expresións artísticas e os xéneros da arte

A arte é unha maneira de expresar ideas, emocións e historias. Hai diferentes tipos de arte, segundo a maneira de creala e a maneira en que a sentimos. Lembra de que xa falamos das diferentes disciplinas artísticas.

- Artes plásticas e visuais: como a pintura, a escultura, a fotografía ou o debuxo.
- Artes escénicas como: o teatro, a danza e o circo, que se representan en directo.
- Artes musicais como: a composición, arranxo, interpretación e dirección de obras musicais.
- Artes literarias como: a poesía, os contos e as novelas, que transmiten historias e sentimentos con palabras.
- Artes audiovisuais como: o cine e os videoxogos, que combinan imaxes, música e historia.

Dentro de cada disciplina artística, existen distintos xéneros, que son estilos ou formas de crear. Aquí tes algúns exemplos.

A pintura e escultura

- Retrato: representa persoas ou animais.
- Paisaxe: mostra a natureza, cidades ou espazos imaxinarios.
- Natureza morta: pinta ou esculpe obxectos como froitas, flores ou libros.
- Arte abstracta: usa cores e formas sen representar algo concreto.

A literatura

- Narrativa: contos e novelas de aventuras, misterio ou fantasía.
- Poesía: textos curtos con ritmo e rima.
- Teatro: obras escritas para ser representadas por actores e actrices.

A música

- Clásica: composicións con orquestras e instrumentos, como o piano ou o violín.
- Rock e pop: estilos modernos con guitarras, baterías e letras pegadizas.
- Tradicional: música propia de cada cultura, como as muiñeiras en Galicia.

O cine e artes audiovisuais

- Animación: películas feitas con debuxos ou ordenador.
- Comedia: historias divertidas para rir.
- Ciencia ficción: aventuras en mundos futuristas ou con tecnoloxía avanzada.
- Terror: películas que dan medo ou misterio.

Ao longo da historia, os estilos artísticos evolucionaron reflectindo as ideas, os avances e as emocións de cada época. Dende o Renacemento, coa súa busca da perfección, ata o Impresionismo, que capturaba a luz e o movemento. Cada corrente naceu como resposta ao mundo que a rodeaba. No século XX, cando Georgia O'Keeffe desenvolveu a súa obra, coexistían diferentes estilos como o Modernismo, o Art Déco, a arte Abstracta, o Surrealismo e o Expresionismo, cada un cunha visión propia da arte e da realidade.

2.- Estilos artísticos: Arte Abstracta, Modernismo e Art Déco

2.1.- Georgia O'Keeffe



Georgia O'Keeffe foi unha **pintora americana** coñecida por debuxar flores enormes e fermosas, así como paisaxes do deserto. Naceu o 15 de novembro de 1887 nunha granxa en Wisconsin, nos Estados Unidos. Encantáballes debuxar dende pequena e soñar con cores e formas.


De maior, mudouse a Nova York, onde **as súas pinturas** chamaron a atención porque **eran diferentes** a todo o que se facía naquela época. As súas flores parecían tan grandes que case podías sentir o seu aroma! Máis tarde, viaxou ao deserto de Novo México, onde se inspirou para pintar montañas, covas e cranios de animais que atopaba alí.

A arte de O'Keeffe era única porque sabía ver a **beleza** nas **cousas** máis **sinxelas** e mostrarlle ao mundo dun xeito especial. Ela demostrou que se pode ser valente e creativa, mesmo cando os demais non o comprenden ao principio. Hoxe é lembrada como unha das artistas máis importantes do século XX.

Estilos que explorou Georgia O'Keeffe.



Arte abstracta: Neste estilo, as persoas artistas non pintan as cousas tal e como as vemos, senón que usan cores, formas e liñas para transmitir emocións. Georgia O'Keeffe xogaba coa abstracción en moitas das súas obras, especialmente nas súas grandes flores e paisaxes que parecen soños.



Art Déco: Este estilo é elegante, con formas xeométricas e moitos detalles decorativos. O'Keeffe viviu nunha época na que o *Art Déco* estaba de moda, e algunhas das súas pinturas de rañaceos en Nova York teñen ese aire moderno e sofisticado.



Modernismo: Inspirado na natureza, este estilo cheo de curvas e formas orgánicas tamén se pode ver na arte de O'Keeffe. É un estilo moi arraigado na arquitectura con exemplos tan brillantes como Antoni Gaudí.

As flores xigantes de Georgia O'Keeffe parecen case esculturas vivas, e os seus cadros de montañas e desertos mostran a beleza natural dun xeito moi persoal.

3.- Xéneros musicais

3.1.- A ópera

A ópera é un tipo de espectáculo onde as persoas contan unha historia cantando en vez de falar. Nesta representación, as cantantes e os cantantes interpretan personaxes e expresan emocións a través da súa voz, acompañadas e acompañados por unha orquestra que toca música en directo. A historia desenvólvese nun escenario con decorados, vestuario e actuacións que axudan a contar o relato. A ópera combina música, teatro e, ás veces, danza, creando unha experiencia artística completa.

3.2.- A zarzuela

A *zarzuela* é un xénero musical teatral que naceu en España. Combina partes cantadas, partes faladas e, en ocasións, danza. As historias das *zarzuelas* adoitan estar ambientadas en lugares e situacións cotiás, reflectindo aspectos da vida diaria e da cultura popular. A música da *zarzuela* inclúe ritmos e melodías tradicionais, o que a fai próxima e familiar para o público. É unha mestura de teatro, música e baile que busca entreter e divertir ás persoas espectadoras.

3.3.- O musical

O musical é unha forma de espectáculo que combina actuación, canto e danza para contar unha historia. A diferenza da ópera, nos musicais as partes faladas e cantadas están máis equilibradas, e a música adoita ser máis moderna, incorporando estilos como o pop, o rock ou o jazz. Os musicais poden tratar unha gran variedade de temas e son populares en teatros de todo o mundo. A través das cancións e dos bailes, as actrices e os actores transmiten emocións e desenvolven a trama, creando un espectáculo dinámico e entretido.

4.- O cine

O cine é unha arte visual que permítenos contar historias a través de imaxes en movemento. Ademais de ser unha forma de entretemento, o cine é unha expresión artística que combina diversas técnicas e elementos para transmitir sentimentos, ideas e mensaxes ao público.

4.1.- A orixe do cine

O cine naceu a finais do século XIX cando os irmáns Lumière proxectaron as primeiras imaxes en movemento.

Ao principio, as películas eran mudas e en branco e negro, pero co paso do tempo, foron evolucionando ata ter son, cor e efectos especiais incríbeis.

4.2.- Elementos principais do cine

Para que unha película cobre vida, necesítanse varios elementos:

- **Guión:** é a historia que se vai contar, con personaxes, diálogos e acción.
- **Dirección:** o director ou directora é a persoa que organiza e decide como se contará visualmente a historia.
- **Interpretación:** os actores e actrices representan os personaxes da historia.
- **Fotografía:** a iluminación e os encadres que se usan para crear diferentes ambientes e sentimentos.
- **Música e son:** a banda sonora e os efectos sonoros que dan emoción ás escenas.
- **Montaxe:** a edición da película, unindo as escenas para darlle ritmo e sentido á historia.

4.3.- Xéneros cinematográficos

Existen moitos tipos de películas, coñecidos como **xéneros cinematográficos**. Algúns exemplos son:

- As películas de **aventura** levan a protagonistas valentes a explorar lugares descoñecidos e superar grandes desafíos.
- As de **fantasía** transportan a mundos máxicos con criaturas e poderes extraordinarios.
- O cine de **ciencia ficción** imaxina futuros sorprendentes con tecnoloxías avanzadas e viaxes espaciais.
- As películas de **terror** buscan asustar e emocionar, mentres que as comedias fan rir con situacións divertidas.
- O cine de **animación** usa debuxos e efectos dixitais para crear historias cheas de cor e imaxinación.

O **cine de animación** é unha forma de contar historias mediante imaxes que parecen moverse. Estas imaxes poden ser debuxos feitos a man, figuras de plastilina ou creacións realizadas por ordenador. Ao xuntar moitas imaxes cun pequeno cambio entre elas, logramos que os personaxes e obxectos cobren vida na pantalla.

Existen diferentes **técnicas de animación**:

Debuxos animados: Consisten en debuxar a man cada fotograma. Cada debuxo representa un movemento lixeiramente diferente do anterior, e ao proxectalos en secuencia, crean a ilusión de movemento.

Animación con plastilina: Tamén coñecida como *stop-motion*, utiliza figuras de plastilina ou incluso de Lego, que se moven e fotografan fotograma a fotograma. Ao reproducir as imaxes en orde, parece que as figuras se moven por si soas.

Animación por ordenador: Emprega programas informáticos para crear personaxes e escenarios en 3D. Esta técnica permite xerar movementos e efectos moi realistas.

Historicamente, moitas películas de animación presentaban personaxes femininos en roles secundarios ou estereotipados. Porén, nos últimos anos, isto cambiou grazas a **mulleres que traballan na animación e crean historias con protagonistas femininas fortes e valentes**.

Un exemplo destacado é **Nora Twomey**, unha directora irlandesa coñecida por películas como "The Breadwinner". Esta película conta a historia dunha nena afgá que loita por axudar á súa familia nunha situación difícil, mostrando a súa coraxe e determinación.

En **Galicia**, o cine de animación ten unha presenza destacada. Por exemplo, a película "**O bosque animado**" (2002) foi a primeira película europea de animación en 3D e obtivo dous premios Goya.

A directora **Chelo Loureiro**, fundadora de *Abano Produccións*, gañou varios premios Goya polo seu traballo en películas de animación. Dirixiu películas como "Valentina", unha película sobre unha nena con síndrome de *Down* que soña con ser trapeceista.

5.- Resumo

A animación

- A arte e a creación de obras estéticas combinado o debuxo, o cine e a música: a animación.
- A muller e a escasa visibilidade na historia.

Georgia O'Keeffe

- A artista das flores.
- Paisaxes urbanas e naturais.
- Distintos estilos: Art Déco, Modernismo e arte Abstracta..

Elementos principais do cine

- O guión.
- A dirección.
- A interpretación.
- A fotografía.
- A música.
- O son.
- A montaxe.

Estilos e xéneros da arte

- Visuais: pintura e escultura (retrato, a paisaxe, a arte abstracta..).
- Escénicas: teatro, danza ou circo.
- Literarias: poesía, contos, novelas.
- Musicais.
- Audiovisuais: cine e videoxogos.

Xéneros cinematográficos

- Aventura, fantasía, ciencia ficción, terror e animación.

Xéneros musicas

- Ópera.
- Zarzuela.
- Musical.

Atribución dos recursos incorporados ao documento

Recursos incorporados por orde de aparición e páxina:

Páxina 1: Elaboración propia (proxecto cREAgal). *Portada do REA Cinema con conciencia*. (CC BY NC SA 4.0)

Páxina 3: [Marion h. Beckett](#) *Portrait of Georgia O'Keeffe.jpg* (Dominio público)

Páxina 3: [Jsbza](#). *Generative Abstract Art Image: Session1682000724* (CC BY 4.0)

Páxina 4: [Petar Milošević](#). *Spiral stairs seen from bottom to top (Nebotičnik building), Ljubljana, Slovenia*. (CC BY 4.0)

Páxina 4: Autoría descoñecida. *Close-up of Casa Batlló, Barcelona* (CC BY 3.0)

Páxina 7: Elaboración propia (proxecto cREAgal). *Imaxe resumo*. (CC BY NC SA 4.0)



"Resumo de contidos Cinema con conciencia", do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)